

## Concello de San Sadurniño

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/6	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Constitución corporación»
<b>Data</b>	17 de xuño de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 11:30 ata as 11:53 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Secundino García Casal
<b>Secretario</b>	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0679**	Araceli Bellas Castro	SÍ
***0263**	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
***0394**	José Luis Hermida Prieto	NON
***7212**	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
***5097**	Manuel Beceiro Couce	SÍ
***2603**	Manuel Varela Mecías	SÍ
***1318**	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
***8036**	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
***9603**	María Esther Díaz Vergara	SÍ
***8135**	Raquel Piñeiro López	SÍ
***4326**	Secundino García Casal	SÍ



## Concello de San Sadurniño

### Escusas de asistencia presentadas:

1. José Luis Hermida Prieto:  
«outras obrigas profesionais»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, ábrese a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Constitución Corporación Municipal 2023-2027

-----

**Tipo de votación:** Nominal

Procédese á apertura da sesión mediante o chamamento da Secretaría a sesión pública plenaria.

Pola Secretaria-Interventora indícase que *en cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise proceder á formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade e como Vogal o Concelleiro electo de menor idade, sendo Secretaria da mesma a da Corporación*

Neste caso, a designación corresponde a:

Don Manuel Varela Mecías, como Presidente da mesa de idade

Dona Araceli Bellas Castro como Vogal da mesa de idade

Pola Secretaria solicítase a Don Manuel Varela Mecías se achegue á mesa presidencia ao obxecto de prestar xuramento ou promesa, realizándose pola Secretaria a pregunta conforme á fórmula legal: *¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*

Don Manuel Varela resposta: *por imperativo legal, prometo, e comprométome a defender os intereses xerais de San Sadurniño e do pobo galego.*

O Sr. Presidente da Mesa de idade pasa a presidir a sesión, invitando a Dona Araceli Bellas Castro a achegarse á mesa presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa, dándose lectura pola Secretaria da fórmula legal: *¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*

Dona Araceli Bellas resposta: *prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño e do pobo galego*

A Sra. Vogal da Mesa de Idade pasa a ocupar o seu sitio, ao carón do Presidente da mesa de idade.

Pola Secretaría indícase que queda constituída a mesa de idade e dase á lectura da normativa aplicable para a constitución da nova corporación do Concello:

*A normativa aplicable á constitución da nova corporación do Concello confórmase polo*



## Concello de San Sadurniño

artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, que dispón o seguinte:

1. As Corporacións Municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en que se constitúen o cuadasésimo día posterior ás eleccións.
2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elexidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación
3. A Mesa comprobará as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello tivera remitido a Xunta Electoral de Zona
4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concurren a maioría absoluta de concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.

Pola Secretaría constátase que os concelleiros electos asistentes á sesión son os seguintes: Don Secundino García Casal, Dona María do Carmen Muiño Filgueira, Don Manuel Varela Mecías, Dona Araceli Bellas Castro, Don Manuel Beceiro Couce, Dona Raquel Piñeiro López, Don Manel Martínez Pérez, Don Juan Alberto Rivera Franco, Dona Belén Trigo Meizoso e Dona Esther Díaz Vergara.

Pola secretaría se indica aos membros da mesa de idade que teñen sido presentadas e comprobadas as credenciais presentadas polos Sres. Concelleiros electos coa certificación enviada pola Xunta Electoral de Zona de proclamación de electos

Polo Presidente da mesa invítase aos concelleiros electos a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación a tenor do establecido polos artigos 6, 7, 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral.

Non formulándose intervencións, continúaase a sesión indicándose pola Secretaría que, de conformidade co establecido no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, todos os Concelleiros e Concelleiras electos teñen presentado declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais. Asemade, de conformidade co sinalado no artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, infórmase que está a disposición dos Sres. Concelleiros a acta extraordinaria de arqueo que amosa os fondos que contén a Tesouraría Municipal a data de hoxe así como a documentación relativa ao Inventario Municipal.

En consencuencia, todos os presentes cumpren os requisitos formais para a toma de posesión como concelleiros, indicándose pola presidencia da mesa de idade que *de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, modificado por Lei Orgánica 8/1991, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de concelleiro, cumpridos os requisitos previsto, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución*

Pola Secretaria procédese ao chamamento dos señores e señoras concelleiros e concelleiras electos e presentes aos que se lles realiza a pregunta da fórmula legal: *¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*



## Concello de San Sadurniño

- \*Don Secundino García Casal: prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os intereses xerais do pobo de San Sadurniño e do pobo galego*
- \*Dona María do Carmen Muiño Filgueira: por imperativo legal, prometo e comprométome a defender os intereses xerais do pobo de San Sadurniño e do pobo galego*
- \*Don Manuel Beceiro Couce: por imperativo legal, prometo e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño e do pobo galego*
- \*Dona Raquel Piñeiro López: por imperativo legal, prometo, e comprométome a cumprir e defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño e do pobo galego*
- \*Don Manel Martínez Pérez: por impertivo, prometo, e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño e do pobo galego*
- \*Don Juan Alberto Rivera Franco: sí, prometo*
- \*Dona Belén Trigo Meizoso: sí, prometo*
- \*Dona Esther Díaz Vergara: sí, prometo*
- \*Don Jose Luis Hermida Prieto*

O Presidente da mesa declara constituída a Excelentísima Corporación Municipal do Concello de San Sadurniño.

A continuación o Presidente da mesa indica: *pola Secretaría vaise dar lectura do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, polo que se establece o procedemento para a elección de alcalde*

A Secretaria municipal indica: *na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a) *Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas*
- b) *Se algún de eles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, é proclamado electo*
- c) *Se ningún de eles obtén dita maioría, é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que teña obtido maior número de votos populares no correspondente municipio*

Polo Presidente da mesa invítase aos concelleiros presentes que teñan encabezado as correspondentes listas a que manifesten se manteñen ou retiran a súa candidatura á Alcaldía, manténdoa todos eles: Don Juan Alberto Rivera Franco polo PSOE, Dona Belén Trigo Meizoso polo PP e Don Secundino García Casal polo BNG.

Indica a Secretaria que vaise proceder á elección de Alcalde, sendo a votación ordinaria o sistema considerado de conformidade co artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se ben tradicionalmente acúdesse á votación nominal, o que é confirmado polos concelleiros presentes.

Procédese, en consecuencia, ao chamamento nominal dos Sres. Concelleiros para que indiquen a qué candidato outorgan o seu voto:

Don Secundino García Casal: Secundino García Casal  
Dona María do Carmen Muiño Filgueira: Secundino García Casal  
Don Manuel Varela Mecías: Secundino García Casal  
Dona Araceli Bellas Castro: Secundino García Casal  
Don Manuel Beceiro Couce: Secundino García Casal  
Dona Raquel Piñeiro López: Secundino García Casal  
Don Manel Martínez Pérez: Secundino García Casal  
Don Juan Alberto Rivera Franco: Juan Alberto Rivera Franco  
Dona Belén Trigo Meizoso: Belén Trigo Meizoso



## Concello de San Sadurniño

Dona Esther Díaz Vergara: Belén Trigo Meizoso

### RESULTADO DA VOTACIÓN

Pola Secretaría infórmase da existencia de maioría de votos a favor de don Secundino García Casal, que é proclamado Alcalde.

Polo Presidente da Mesa de idade sinálase que o resultado da votación é de 7 votos a favor de don Secundino García Casal, 2 votos a favor de dona Belén Trigo Meizoso e 1 voto a favor de don Juan Alberto Rivera Franco, co que ao obter a maioría dos votos emitiidos polos membros desta Corporación, de conformidade co disposto no artigo 196.b) da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, queda elixido e, polo tanto, proclámase Alcalde-Presidente do Excelentísimo Concello de San Sadurniño a Don Secundino García Casal.

Pola Vogal da mesa de idade sinálase que, de acordo co establecido nos artigos 18 do Real Decreto Legislativo 781/1986 e 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, debe requerirse a don Secundino García Casal, proclamado alcalde electo deste Excelentísimo Concello para que concorra a prestar xuramento ou promesa de conformidade coa fórmula legal á que da lectura a Secretaria *¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealtade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*

Don Secundino García Casal resposta: *prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os intereses xerais do pobo de San Sadurniño e do pobo galego*

Polo Sr. Alcalde electo tómasse a palabra, dirixíndose en primeiro lugar aos cabezas de lista das restantes candidaturas, aos que convida a intervir se o consideran oportuno.

Dona Belén Trigo, candidata do PP, interven para dar a noraboa ao alcalde electo polo resultado electoral e indica que contan con ser nestes catro anos unha forza de oposición para que se fagan novas cousas en San Sadurniño e se melloren as que necesitan mellorarse, aproveitando tamén a ocasión para agradecer ás persoas que confiaron na súa formación política e para que ela e os compañeiros foran elixidos concelleiros.

Don Juan Alberto Rivera, candidato do PSOE, intervén para dar parabéns por ter gañado as eleccións, considerando que a veciñanza falou nese sentido, e indicando que estarán ao lado sempre que sexa para defender os intereses do Concello pero que, en todo caso, tamén estarán.

Don Secundino García Casal, alcalde electo, dirixe ao público presente as seguintes verbas:

*Como ben cantaba o Zeca Afonso “O Povo é quem máis ordena” e o pasado 28 de maio ordenou aos servidores e servidoras públicos elixidos a estar hoxe aquí, a ser a palabra e a acción do noso pobo, para, mandar obedecendo ao mesmo.*

*Deixádeme que en primeiro lugar agradeza a confianza que depositaron en min e nos compañeiros e compañeiras da lista que encabeci, as case mil persoas que nos votaron. E que tamén agradeza a todas aquelas que non o fixeron, pero exerceron o seu voto e con iso o seu dereito para decidir quen ocuparía hoxe estas cadeiras. O seu compromiso cidadán levoulles a decidirse maioritariamente por un dos tres grupos que estamos aquí representados. E é de agradecer que nos tempos actuais, nos que se percibe tan claramente esa desafección cidadá pola política, entendan que o seu voto é tan decisivo como os demais e exerzan ese dereito. Grazas ás 1.647 persoas que o entenderon así.*

*E por suposto, grazas á xente da miña organización que confiou en min, ao meu equipo, o noso equipo, á militancia, sen a que unha organización política non sería capaz de facer oír a súa voz. Grazas, sen dúbida, aos compañeiros e compañeiras concelleiros que compartiron estes anos connosco e que xa non estarán; Lois, Amparo, Tomás e Ana.*

*E grazas á miña familia, por entender e soportar as miñas ausencias, porque se alguén*





## Concello de San Sadurniño

*coñece a dureza e as consecuencias de ser servidor público e ter a responsabilidade de gobernar un pobo, é a familia. Oen os eloxios pero tamén as críticas, e a quen lle vai a afectar máis a crítica que a unha nai, a unha compañeira, a un fillo ou a uns irmaos? Grazas por comprender as miñas ausencias, grazas por desculpalas e por apoiarme e por ser o meu refuxio cada vez que o necesitei. Grazas.*

*Quero felicitar tamén a todos os concelleiros e concelleiras desta corporación que hoxe empeza a súa nova andaina. Estamos no mesmo equipo, o das persoas que asumimos axudar ao noso pobo desde a política local. Déronnos un mandato claro: falar, dialogar e poñer o futuro da xente por diante do noso, porque ninguén nos obriga a estar en política, e así debe ser entendida. Estou convencido que ese é o mandato que cada un dos e das que hoxe nos sentamos aquí asumimos e tamén que imos demostrar que é posible superar as diferenzas, se ao outro lado da balanza está o noso deber e servizo á cidadanía. Asumamos que vimos aquí, non a recoñecer a realidade, senón a cambiala se así podemos mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, porque, como decía Silvio Rodríguez, “eu prefiro falar do imposible porque do posible fálase demasiado”.*

*Que teña claro a veciñanza de San Sadurniño que o meu pacto con eles non abarca unicamente traballar polo posible. O meu esforzo maior estará en traballar por facer posible o que é necesario. Non haberá tempo mal investido se no obxectivo marcado dese traballo está a prosperidade e o futuro de San Sadurniño. Todos e todas os que aquí estamos queremos mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas e para iso é necesario reivindicar a política como a posibilidade que nos ofrece o pobo para melloralas e non para a confrontación ou a disputa.*

*Asumindo a alcaldía, tamén asumo que son o último dos nosos concidadáns. Que a todos e cada un deles débolles o meu traballo incansable, o meu compromiso, a miña comprensión e a miña disposición ao seu servizo. Comprométome ante eles e elas a non renderme ao cansazo. E comprométome a ser a súa voz e a escoitar a súa. Esa foi e seguirá sendo unha das claves do mandato que hoxe empezamos. A voz da cidadanía, a participación cidadá. Que non remata onde empeza o noso traballo, senón que implica que o noso traballo debe ir dirixido a garantila. O goberno é do pobo, nós debemos ser os facilitadores, garantindo sempre a xustiza social, a igualdade e a cohesión, é dicir, a calidade democrática, a democracia real que transforma a sociedade. E para iso seguiremos desenvolvendo instrumentos que deron pé a que sexamos referentes pola implicación social e construción colectiva.*

*Outra das claves, e relacionada coa anterior, seguirá sendo a planificación. As políticas públicas non poden ser cuestións a decidir en base a ocorrencias, boas ou malas, dos servidores públicos.*

*A defensa dos servizos públicos seguirá sendo tamén un dos nosos eixos permanentes de traballo. Os servizos públicos en cuestións básicas para a cidadanía, relacionadas cos seus dereitos sociais, económicos e culturais, son a clave para corrixir desigualdades e garantir a xustiza social. Sen uns servizos públicos universais, eficaces, participados e de calidade, non é posible garantir que as políticas públicas cumpran a súa función de prover o benestar social e xustiza á cidadanía.*

*O Concello debe ser un axente dinamizador económico, e por suposto, tamén social. En condicións de sustentabilidade ambiental, social e económica porque os nosos sectores produtivos teñen que ser tamén a garantía de xeracións futuras.*

*As portas do meu despacho estiveron sempre abertas e, sobre todo, para cada veciño ou veciña que tivese un problema, estivera nas miñas mans ou non resolvelo. Ou polo menos tenteino, porque creo que ese é o mandato preciso que me deu o pobo ao permitirme estar ao seu servizo. Porque xa o dixen hai catro anos, non hai maior honra que permitir que un veciño sexa alcalde da súa vila. A relación que se me permite ter con cada veciño ou veciña é*



## Concello de San Sadurniño

*a maior satisfacci3n 3 que pode acceder algu3n que cre firmemente na pol3tica como ferramenta para transformar e mellorar a sociedade. 3s veces xera a confianza de ter feito un bo traballo e reconforta, porque lles solucionas os problemas. Outras veces x3rache momentos dif3ciles e mesmo dolorosos nos que non podes dar resposta e percibes decepci3n, ou mesmo sufrimento. Entendo que non o comprenda, e asumo a s3a decepci3n como propia. Sempre me vin como unha persoa pr3xima e faladora. Pero se nalg3n momento non fun quen de transmitir esa confianza e vontade, asumo a miña responsabilidade por esa percepci3n e comprom3tome a esforzarme a3nda m3is en comprender e ser comprendido. A base da nosa relaci3n co p3blico debe ser a confianza. Se eu, como alcalde, non o consigo, entendo que debo redobrar os meus esforzos para conseguilo. 3 a miña responsabilidade e est3 asociada 3s mi3as funci3ns e ao meu compromiso.*

Moitas grazas

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIONES LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

